

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN) E A FUNDACIÓN DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORÁNEAS (FUNDACIÓN DIDAC) PARA O IMPULSO DO NOVO PROGRAMA DE DESEÑO PARA A INNOVACIÓN E A SUSTENTABILIDADE 2024, “DIFERENZA”, UN PROXECTO SUSTENTABLE DE INNOVACIÓN E DESEÑO ESTRATÉXICO PARA A TRANSFORMACIÓN SOCIAL E ECONÓMICA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2021

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, nomeado para este cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020 (DOG nº 181, do 7 de setembro), polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e polo Decreto 110/2020, do 18 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG n.º 190, do 18 de setembro de 2020), e presidente da Axencia Galega de Innovación (GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, D. David Barro López, con NIF _____, que actúa en nome e representación, en calidade de director xerente, de “Fundación Dardo Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas” (en adiante “Fundación DIDAC”), con CIF n.º G70514906 e domicilio en Pérez Costanti, 12, Santiago de Compostela. A Fundación rexerese pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan. Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que GAIN, é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.

De acordo cos seus estatutos, GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e o impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, e de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, GAIN poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios.

II. Que a Fundación DIDAC é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e capacidade xurídica e de obrar; cuxo obxecto é o fomento, divulgación e exhibición do deseño e das artes contemporáneas, prestando especial atención a Galicia e aos seus creadores. A Fundación foi creada o 9 de febreiro de 2017, clasificada de interese cultural por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 26 de abril de 2017 (DOG núm. 94, do 18 de maio de 2017) e declarada de interese galego por Resolución do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 31 de maio de 2017 (DOG núm. 102, do 31 de maio) figurando inscrita co número 2017/8, tendo como misión clave nos seus estatutos a protección e proxección do deseño. Para o cumprimento dos seus fins, a Fundación DIDAC conta, entre outros procedementos, a posibilidade de realizar investigacións e accións estratéxicas, exposicións, presentacións (conferencias, cursos, seminarios, encontros, congresos), publicacións, actividades pedagóxicas e residencias para artistas, deseñadores/as ou axentes culturais.

III. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo.

IV. A Xunta de Galicia, impulsa a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013, e que supón unha aposta a través dunha política

pública de especialización intelixente para o fomento da innovación, que xoga un papel moi destacado e esencial no desenvolvemento de sectores estratéxicos para a comunidade galega.

V. A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 integra ao deseño para a innovación no punto relativo ao Reto 2: Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. O deseño introdúcese como un elemento de competitividade para a diversificación dos sectores tractores galegos, que contribúe ao desenvolvemento de estratexias baseadas na diferenciación mediante o deseño e a innovación de produto (...). Así mesmo introdúcese o Deseño para a Innovación no Plan Galicia Innova 2020 – Eixo estratéxico 3: Innovación e emprendemento, como un instrumento para fomentar a innovación e a competitividade nas empresas galegas.

VI. A Comisión Europea define a estratexia Europa 2020 para o crecemento intelixente, sustentable e integrador e invita os gobernos dos estados membros a que inclúan iniciativas para impulsar e apoiar o emprendemento innovador, a innovación empresarial, a cultura innovadora a todos os niveis e o deseño como vehículo de transformación de ideas ao mercado. O deseño, unido á ciencia e á tecnoloxía, axuda na transformación dese coñecemento en produto e actúa como “unha disciplina clave para levar as ideas ao mercado, transformándoas en produtos ou servizos atractivos e fáciles de usar” (Innovation Union, Europe 2020 Flagship Initiative).

VII. Por todo o descrito anteriormente, desde 2018, baseándose no informe elaborado pola Comisión Europea “The Action Plan for Design Driven Innovation 2013” a Xunta de Galicia está a facer unha aposta firme de impulso a través do Programa de Deseño para a Innovación (aprobado no Consello da Xunta do 21 de xuño de 2018) para difundir, divulgar e apoiar a empresas e entidades en como o deseño pode axudar á I+D+i, ao impulso da competitividade e a reducir os prazos da transferencia ao mercado. Pero faise necesario seguir impulsando este cambio na sistemática das empresas con novas medidas e iniciativas, de ahí o novo Programa de Deseño para a Innovación a a Sustentabilidade 2024 (Diferenza).

VIII. Neste cambio de época que estamos a vivir, deseñar o futuro convertese, máis ca nunca, en tendencia, e ademais resulta imprescindible deseñar con responsabilidade. O novo Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 (DIFERENZA) busca iso precisamente, facer que o deseño sexa un aliado clave para dar resposta a prioridades como:

- A reactivación e diferenciación da economía galega mediante o deseño de futuros posibles para a nosa comunidade.
- O deseño de novos modelos sustentables.
- A humanización da tecnoloxía a través do deseño.
- A estimulación da innovación das empresas a través do deseño de novos produtos, servizos, experiencias, marcas, etc.

IX. A Fundación DIDAC ten experiencia no impulso e integración do deseño e os procesos artísticos e creativos como motores para o cambio no ecosistema galego de innovación, que aportan valores diferenciais capaces de activar non só o desenvolvemento cultural e social senón para conectalo co industrial e o económico, así como o educativo.

Así mesmo, a finalidade de DIDAC é axudar a vertebrar o sector do deseño galego e conformarse como unha institución satélite, capaz de orbitar ao redor doutras institucións, entidades e profesionais a nivel internacional e conseguir colaboracións, proxectos e coproducións que permitan a creación e a discusión cultural e económica do deseño galego e o seu carácter diferencial, proxectándoo dentro e fora de Galicia con empresas e entidades de relevancia no ámbito da innovación, da sustentabilidade e da cultura.

A Fundación DIDAC, é a única entidade ou institución sen ánimo de lucro en Galicia que ten como obxectivos os comentados anteriormente e grazas á cal, o deseño galego ten un espazo propio no marco das políticas públicas de competitividade empresarial.

A súa vez, DIDAC coordina unha rede internacional de deseño en diferentes niveis, traballando en colaboración con profesionais do deseño galego en lugares como Londres, Singapur, París, Basilea, Nova York, Dinamarca, etc.

X. En liñas coas novas tendencias que se están a impulsar desde a Comisión Europea para acelerar a transición verde e o deseño de novos modelos sostibles, contribuír á recuperación e reactivación económica e garantir unha mellor convivencia entre todos mediante a búsqueda de novas formas de vida e relacións e da propia economía, a presidenta da Comisión Europea, anuncia en setembro de 2020 ante o Parlamento Europeo, a creación dunha *nova Bauhaus europea no marco de NextGeneration EU*, que dará lugar a un movemento cara á implementación do Pacto Verde, baseado na sustentabilidade e a inclusión social.

A través da colaboración coa Fundación DIDAC, o programa de deseño DIFERENZA aproveitará a oportunidade lanzada desde a Comisión, poñendo en marcha en Galicia unha iniciativa de características similares e obxectivos comúns á europea. O novo proxecto DIFERENZA inspírase en experiencias como a Bauhaus, pero tamén en escolas e proxectos pasados como Ulm, Vuchtemas ou o propio *Laboratorio de Formas de Galicia*, creado por Isaac Díaz Pardo e Luis Seone e que pretendía ser un espazo multidisciplinar e colectivo para buscar o rostro estético de Galicia e a difusión da súa identidade cultural, partindo da convicción de que o deseño e os procesos creativos son claves para cambiar o mundo e, máis concretamente, Galicia.

XI. A Fundación DIDAC ten experiencia no impulso de programas estratéxicos no eido da transferencia de coñecemento, e conta cunha rede de institución colaboradoras que facilitan a transferencia ao mercado dos resultados de investigacións, especialmente os desenvolvidos por universidades, fundacións adicadas ao deseño, a arte, a innovación

e a economía circular e centros de investigación galegos doutras disciplinas. A singularidade da súa colección da historia do deseño en Galicia, reunindo pezas e información emblemáticas que axudan a construír a historia do deseño e da innovación, programas de formación e o impulso de redes internacionais de contacto entre a comunidade investigadora en deseño e innovación cultural e o tecido empresarial son e foron claves para o bo desenvolvemento do Programa de Deseño para a Innovación 2020 da Xunta de Galicia.

XII. GAIN considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos, experiencia e proxección da Fundación DIDAC, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar os obxectivos relativos ao desenvolvemento de programas de formación do persoal investigador, científico e de xestión da innovación e transferencia que prevé o plan galego de investigación e innovación.

XIII. Resulta de interese para ambas as dúas partes a colaboración no deseño, desenvolvemento e implementación do novo Programa de deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024, programa baixo a marca DIFERENZA, que nace coa intención de deseñar un ecosistema de valor e de xestión do talento innovador a partir do carácter diferencial de Galicia e o seu potencial universal, utilizando para iso as ferramentas conceptuais e metodolóxicas que ofrecen o deseño e os procesos creativos, propoñendo novos modelos de innovación a partir da contextualización da innovación dende a transformación.

Co deseño para a innovación e a sustentabilidade como marca identitaria, DIFERENZA diríxese á sociedade galega en xeral, ás súas empresas, á súa industria e á súa cultura, apostando pola ciencia, a tecnoloxía e co deseño e os procesos creativos como eixo condutor.

A tal efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto e obxectivos do convenio.

O presente Convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para a realización das accións incluídas nos seguintes programas:

A. PROGRAMA DE ACCIÓNS EIXO VISIÓN ESTRATÉXICA - DIFERENZA

Inclúense a continuación as seguintes accións:

A1. Creación e dinamización dun Comité Estratéxico para DIFERENZA.

Na conformación do Comité Estratéxico valórase a inclusión de expertos do ámbito da innovación, o deseño estratéxico e o deseño de futuros; a investigación en materia de desenvolvemento sustentable, economía circular e integración da sustentabilidade na

industria; a transferencia de coñecemento e a coordinación de procesos creativos aplicados; e a conexión entre a ciencia, a tecnoloxía e os procesos artísticos e creativos.

Este Comité exercerá funcións de asesoramento das accións desenvoltas no convenio, así como na suxerencia sobre cales poden ser os retos a seguir nas distintas áreas e comisións de traballo. O Comité Estratéxico estará representado por unha persoa por parte de GAIN e a Fundación DIDAC, respectivamente.

A2. Creación, dirección e dinamización de 4 Áreas de Acción e o equipo coordinador de cada área -un Área de Transformación; un Área de Sustentabilidade e Economía Circular; un Área de Arte, Ciencia e Tecnoloxía e un Área de Investigación, Divulgación e Formación.

Tras a identificación e conceptualización dos retos propostos, as áreas cumprirán distintas funcións retroalimentándose unhas ás outras. Coa condución xeral do proxecto DIFERENZA por parte da dirección da Fundación DIDAC e a co-dirección por parte de GAIN, defínense as seguintes Áreas que terán os seguintes obxectivos:

A Área de Transformación será a encargada de prototipar, emprender e implementar solucións para que as empresas (pemes e tractoras) poidan deseñar e/ou redeseñar os seus produtos, estratexias, modelos de negocio e establezan relacións con empresas nacionais e internacionais punteiras en deseño para a innovación e sustentabilidade.

A Área de Arte, Ciencia e Tecnoloxía terá como misión traballar en naturalizar a innovación a través de sinerxias entre os procesos creativos e humanísticos cos científicos e tecnolóxicos.

A Área de Sustentabilidade e Economía Circular, posibilitará a integración de criterios de sustentabilidade no ámbito empresarial, a formación en responsabilidade ambiental para empresas e a elaboración de estudos consultivos.

A Área de Investigación, Divulgación e Formación terá como obxectivo poñer en valor a innovación a partir dun coñecemento transversal convencidos de que a solución de problemas complexos require visións multidisciplinares.

A3. Análise funcional e organizativa dos Procesos Estratéxicos, os Procesos Soporte e os Procesos Operativos.

Partindo dunha análise preliminar de cómo DIFERENZA pode complementar os distintos programas marco de GAIN, a Fundación DIDAC consensuadamente con GAIN elaborará o plan de xestión estratéxica, xestión de alianzas e partners, comunicación, etc. Isto incluírá un cronograma e informe detallado de cómo deben ser os procesos soporte, a plataforma dixital fonte de contidos, os programas de formación propia como talleres ou cursos, a elaboración dun punto de contacto permanente co

ecosistema de deseño para a innovación galego, nacional e internacional, a organización de eventos ou accións de difusión, estudos, publicacións, etc.

A4. Conceptualización dos Retos.

DIFERENZA quere introducir o deseño para dar solución a retos globais da humanidade na nova estratexia de especialización intelixente, a cal estará centrada na sustentabilidade e traballará en axudar a conseguir resultados nos diferentes retos que se constrúan a través da mesma. DIFERENZA priorizará aqueles retos de traballo onde poida ter máis impacto.

A través do novo Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade DIFERENZA, construírase unha plataforma de encontro no ámbito de deseño para a experimentación multidisciplinar e con espírito empresarial, destinada a dar forma a unha xeración de deseñadores/ as, arquitectos/ as, enxeñeiros/ as, artistas, xestores/as, científicos/as, etc que traballen cocreando solucións de deseño sostibles, transformadoras e innovadoras relacionadas cos retos que se formulen.

Obxectivo: Prantéxase como mínimo a conceptualización de 4 retos para Galicia en ámbitos diversos como saúde, rural, mar, etc.

B. PROGRAMA DE ACCIÓNS EIXO ALIANZAS ESTRATÉXICAS - DIFERENZA

Inclúense a continuación as seguintes alianzas estratéxicas de entidades do ámbito do deseño, a innovación e a sustentabilidade:

B.1. Alianzas estratéxicas con espazos de formación, investigación e promoción.

B.2. Alianzas estratéxicas con festivais e eventos como por exemplo: Summit MadBlue de innovación e desenvolvemento sustentable (Madrid), Porto Design Biennale (Portugal), Galicia Design Week (A Coruña), etc.

B.3. Alianzas estratéxicas con asociacións, fundacións e clusters galegos, así como Centros de Coñecemento I+D, que traballen a promoción e a visibilización do deseño e a innovación, tales como a Asociación Galega de Deseño (DAG) e o Clúster da Comunicación de Galicia, en liña co xa traballado desde GAIN no anterior Programa de Deseño para a Innovación 2020, a New European Bauhaus da Comisión Europea, Bauhaus do Mar impulsada polo Goberno Portugués, Iniciativa Bauhaus en Galicia (Sergas), etc.

B.4. Acordos e alianzas estratéxicas con proxectos que se sitúen en liña con DIFERENZA na defensa do deseño e a súa aplicación para a innovación social e empresarial e o empoderamento do mundo rural promovendo novos modos de vida complementarios. DIFERENZA traballará co fin de desenvolver novos espazos de socialización e innovación no rural, así como relacións laborais innovadoras que teñan en conta a

experiencia local, a transferencia de coñecemento e o patrimonio material e inmaterial de cara a construír valor e favorecer novos modos de vida complementarios. De aí a necesidade de traballar na adaptación da innovación tecnolóxica e metodoloxía de deseño para potenciar a economía local e atraer a persoas a contornas rurais ou pequenos municipios a partir da transformación dixital, reforzando a mobilidade e a conectividade rexional no ámbito das TIC.

B.5. Colaboracións e alianzas co ecosistema galego de escolas de deseño, artes e arquitectura. Para 2021 quérese crear unha rede activa coordinada por DIFERENZA no que respecta á innovación na formación, en colaboración coas seguintes entidades académicas: UDC-EUDI (Escola Universitaria de Deseño Industrial); UDC-ETSAC (Escola Técnica Superior de Arquitectura); Facultade de Belas Artes de Pontevedra; EASD Mestre Mateo (Santiago), EASD Ramón Falcón (Lugo), EASD Pablo Picasso (A Coruña); EASD Antonio Failde (Ourense). En colaboración con estas entidades realizaranse talleres e cursos para relacionar e vincular a academia coa empresa dun modo directo.

B.6. Acordos estratéxicos con distintos estamentos da administración pública de Galicia en función dos retos suxeridos.

B.7. Participar, dinamizar, colaborar e liderar a Iniciativa Bauhaus Galicia en colaboración co Sergas, a Fundación COTEC para a Innovación e calquera outra entidade e/ou aliado estratéxico interesado en impulsar este movemento en Galicia.

C. PROGRAMA DE ACCIÓNS EIXO SOLUCIÓNS RETOS - DIFERENZA

Inclúense a continuación as seguintes accións:

C.1. Prototipado dos 4 grandes retos para Galicia:

DIFERENZA operará a través de catro grandes áreas de traballo multidisciplinar: Área de Transformación; Área de Sustentabilidade e Economía Circular; Área de Arte, Ciencia e Tecnoloxía; Área de Investigación, Formación e Divulgación. Para o período de duración do programa, a Área de Transformación, en colaboración coas outras tres áreas, encarará como mínimo 4 grandes retos, con Galicia como eixo aínda que enmarcados cada un deles nunha das catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

C.2. Organización e posta en funcionamento dos workshops das respectivas Áreas de Acción.

Co obxectivo de crear unha cultura do deseño para a innovación para chegar aos diferentes puntos do territorio galego e atraer experiencias internacionais que eleven a percepción do deseño e as súas posibilidades, estes talleres contribúen a crear a nova xeración de talento galego e potenciar a formación estratéxica de altos directivos e profesionais creativos.

C.3. Concretar alianzas e acordos con polo menos 8 empresas galegas, tractoras e pemes (un mínimo de dúas por cada reto), clusters e outros organismos de maneira

consensuada con GAIN, fomentando a colaboración público-privada e ampliando os recursos económicos e humanos de DIFERENZA. Estas alianzas teñen como obxectivo impulsar cualitativamente o ecosistema económico e de innovación en colaboración co cultural, o científico ou o educativo, construíndo novos modelos empresariais ao desenvolver habilidades e ferramentas que contribúan á produción, a innovación e a economía circular.

C.4. Comezo da implantación dos retos nas diferentes áreas escollidas

D. PROGRAMA DE ACCIÓNS EIXO DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN- DIFERENZA

Inclúense a continuación as seguintes accións:

D.1. Organización de dous congresos transfronterizos anuais en colaboración con ESAD

– Escola Superior de Artes e Deseño, unha escola portuguesa de recoñecido prestixio a nivel internacional. Os congresos desenvolveráanse por exemplo no marco da Porto Design Biennale, proxecto impulsado por esad-idea, o centro de investigación da ESAD portuguesa.

D.2. Organización dos Encontros Anuais de Deseño para a Innovación Empresarial no CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol, no marco do Día Mundial do Deseño Industrial (29 de xuño).

Segunda.- Actividades a desenvolver por GAIN.

A participación de GAIN consistirá nas seguintes actividades:

- Publicación, comunicación e difusión das accións obxecto do convenio.
- Promoción, divulgación e dinamización das actividades formativas.
- Participación activa nos procesos, tanto de selección, como de seguimento e de avaliación dos retos, proxectos formativos, xunto co apoio e coordinación da Fundación DIDAC.
- Participación no Consello Asesor ou Comité Estratéxico, formando parte da composición do mesmo e exercendo as funcións decisorias que correspondan ao mesmo.
- Achegar o financiamento, nos termos e condicións establecidos nos correspondentes anuncios e resolucións de outorgamento, nos termos recollidos na cláusula quinta.

Terceira.- Actividades a desenvolver pola Fundación DIDAC.

A participación da Fundación DIDAC consistirá nas seguintes funcións e actividades.

-Participación como xestor do proxecto con GAIN, compartindo a dirección estratéxica con GAIN e exercendo a dirección operativa, así como coa achega de recursos nos termos recollidos na cláusula quinta do presente convenio.

-Traballo para o posicionamento Galicia como territorio de referencia en Europa para innovar, transformando as ideas en actividade económica produtiva.

-Potenciación da marca Galicia como referencia transformadora.

-Organización dos programas e actividades de DIFERENZA, asumindo a coordinación de procesos estratéxicos e operativos e a mediación entre as distintas áreas de acción.

-Colaboración na promoción, divulgación e dinamización das accións e actividades.

-Organización, xestión e participación no Consello Asesor.

-Organización e posta en funcionamento da estrutura de cada unha das áreas de acción.

- Posicionamento na rede Bauhaus Europea, que quere impulsar unha plataforma de co-creación para enxeñeiros, deseñadores, arquitectos, artistas, etc., co obxectivo de conformar unha nova maneira de facer máis ecolóxica e sustentable. Neste sentido, en liña co traballado no Programa de Deseño para a Innovación 2020, crearase unha rede de pensadores, planificadores, emprendedores e cidadás capaces de traballar xuntos para desenvolver a “sustentabilidade con estilo”, para conseguir de DIFERENZA a capacidade de acelerar solucións, tecnoloxías e produtos ecolóxicos e dixitais, fomentando desde DIFERENZA ideas innovadoras en términos de materiais, produtos e modelos de negocio, pensados *por, desde e para* Galicia na súa relación con Europa e o mundo.

-Concreción de alianzas con empresas, institucións, clusters e outros organismos públicos de maneira consensuada con GAIN, fomentando a colaboración público-privada e ampliando os recursos económicos e humanos de DIFERENZA.

-Impulso cualitativo do ecosistema económico e de innovación en colaboración co cultural, o científico e o educativo, construíndo novos modelos empresariais ao desenvolver habilidades e ferramentas que contribúan á produción, a innovación e a economía circular. Este obxectivo farase viable a partir da formación impartida por técnicos galegos de prestixio nacional internacional; coa investigación estratéxica de zonas concretas de Galicia para traballar co seu patrimonio material e inmaterial, natural e construído de maneira que axude a construír valor dende o deseño e os procesos creativos; coa divulgación e adaptación da nova realidade tecnolóxica e responsabilidade ecolóxica a zonas rurais e urbanas; fomentando o emprendimento

transformador e innovador ao conectar talento entre profesionais de distintas disciplinas, empresas e institucións de prestixio.

-Creación dunha cultura do deseño para chegar aos diferentes puntos do territorio galego e atraer experiencias internacionais que eleven a percepción do deseño e as súas posibilidades.

-Creación da nova xeración de talento galego e potenciación da formación estratéxica de altos directivos e profesionais creativos.

-Concreción de acordos e alianzas co ecosistema galego de escolas de deseño, artes e arquitectura e crear colaboracións estratéxica con espazos de mediación, formación, investigación e promoción do deseño.

-Desenvolvemento de novos espazos de socialización e innovación no rural, así como relacións laborais innovadoras que teñan en conta a experiencia local, a transferencia de coñecemento e o patrimonio material e inmaterial de cara a construír valor e favorecer novos modos de vida complementarios.

-Adaptación á innovación tecnolóxica e a metodoloxía de deseño para potenciar a economía local e atraer a persoas a contornas rurais ou pequenos municipios a partir da transformación dixital, reforzando a mobilidade e a conectividade rexional no ámbito das TIC.

Cuarta.- Financiamento.

GAIN compensará á Fundación DIDAC polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Código de Proxecto	Anualidade			
		2021	2022	2023	2024
06.A2.561A.640.0	2014.12	200.000 €	200.000 €	200.000 €	200.000 €
Total		800.000 €			

Nos importes indicados, entenderase incluído o IVE.

Para que se abonen os devanditos importes, a Fundación DIDAC presentará, nos termos e condicións recollidos a tal efecto no anexo I do presente convenio, en cada unha das anualidades previstas, facturas trimestrais, sendo necesario que a presentación da factura, e restante documentación que a acompañe, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 20 de decembro.

Nas anualidades 2022, 2023 e 2024 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

O citado abono terá lugar tras a validación, por parte de GAIN, das facturas e demais documentación presentada.

Por outra banda, a Fundación DIDAC, no marco deste convenio, aportará no desenvolvemento das accións definidas neste convenio de colaboración achegas financeiras e en especie para o deseño, coordinación e implementación de actividades de investigación, formación, divulgación e accións de transformación, así como de elaboración de materiais complementarios ás actuacións desenvolvidas no convenio, sendo responsable da contratación do equipo humano necesario para o bo funcionamento do proxecto. No que respecta ás achegas financeiras, segundo as anualidades e importes seguintes:

Achega	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Fundación DIDAC	15.000 €	20.000 €	25.000 €	30.000 €	90.000 €

A estas achegas sumarase o importe que corresponde ás achegas en especie.

Quinta.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes.

No caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Sexta.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Sétima.- Comisión de seguimento do convenio.

Para o seguimento e control das accións recollidas no presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, en todo caso de composición paritaria; integrada por membros de GAIN e por membros da Fundación DIDAC, segundo se indica, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación, polos seguintes membros:

- 2 membros por parte de GAIN, que serán designados pola Directora da Axencia Galega de Innovación.
- 2 membros por parte da Fundación DIDAC, e serán designados pola Presidenta da Fundación DIDAC.

Dita Comisión será a encargada de:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Resolver as dúbidas que puidesen xurdir da aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- Todas aquelas actuacións precisas para o correcto seguimento do presente convenio. En canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos, a citada Comisión rexerá pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, contemplada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Causas de resolución.

O presente Convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado. Así mesmo poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra con UN (1) MES de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- b. Acordo expreso de ambas as dúas partes.
- c. Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- d. Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

Novena.-Desenvolvemento e modificación.

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento e modificación través das correspondentes adendas ao mesmo

Ao abeiro do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima.- Propiedade intelectual e comunicación.

A titularidade da documentación xerada no presente convenio de colaboración, así como todas as actuacións que resulten precisas levar a cabo na execución do mesmo (explotación, reprodución, distribución, comunicación pública, etc.) será compartida entre a Fundación DIDAC e GAIN. Así mesmo poderá ser utilizada pola Xunta de Galicia a través de calquera outro departamento, sempre coa finalidade de actuacións similares ao obxecto do referido convenio. Non se permitirá ningún outro uso ou explotación que non estea relacionada coas actividades levadas a cabo por este convenio.

A Fundación DIDAC autoriza a GAIN e a calquera outro departamento da Xunta de Galicia a comunicación pública e difusión das iniciativas desenvolvidas no marco deste convenio. Así mesmo, todos os soportes de información ou difusión non teñen que incluír necesariamente o logotipo da Fundación DIDAC se GAIN non o considera estritamente necesario.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Deber de segredo e confidencialidade.

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos que puideran obter en virtude da execución do presente Convenio e, en particular, toda a información ás actuacións a desenvolver, facéndose extensiva esta obriga a todas as entidades ou empresas públicas que interveñan en nome das partes.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de firma deste documento.

Tal e como se informará nas respectivas accións desenvolvidas, os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro de titularidade e responsabilidade de GAIN. As partes cédense mutuamente a

información, coa condición de facer un uso responsable de acordo ás finalidades das diferentes entidades asinantes, e por iso conveñen:

a) As partes acordan manter absoluta confidencialidade, tal e como o establecen os termos desta cláusula, sobre as discusións mantidas e a información intercambiada, xa sexa oralmente ou por calquera outro medio, en relación co obxecto deste convenio (“Información confidencial”). Esta obriga de confidencialidade non será executable entre as dúas partes cando as mesmas acorden algo en contrario por escrito, ou cando a revelación da devandita información ou conversación sexa requirida por Lei.

b) Cada parte que reciba “información confidencial” (“Parte receptora”) da outra parte (“Parte reveladora”) reconece a súa natureza confidencial e a exclusiva propiedade da “Parte reveladora” sobre a “Información confidencial” recibida en calquera momento, e se compromete a manter a confidencialidade deste acordo baixo a presente Sección, así como a non levar a cabo, ou a deixar de levar a cabo, calquera acción contida na presente Sección.

c) Cada Parte receptora acorda que a Información confidencial será utilizada exclusivamente para os obxectivos do presente convenio e manterán a dita información confidencial.

d) Cada Parte receptora poderá revelar información confidencial na medida do necesario e en conexión co obxecto deste convenio, informando da natureza confidencial da información.

e) Á petición da Parte reveladora, a Parte receptora devolverá ou destruírá de inmediato toda a información confidencial tanxible sen que a Parte receptora reteña ningunha copia, extractos ou calquera outra reprodución total ou parcial dese material tanxible.

f) No caso de que a Parte receptora ou calquera outra persoa á que se dera Información confidencial recibira a petición de revelar calquera ou toda a información, baixo unha citación, decreto, obriga civil ou proceso similar emitido por un tribunal competente ou órgano administrativo, a Parte receptora comprométese a (I) notificar inmediatamente á Parte reveladora da existencia, termos e natureza da petición, (II) a consultar á parte reveladora a conveniencia de utilizar as accións legais dispoñibles para opoñerse ou limitar a dita petición e (III) se fose necesario, revelar información que, tras unha recomendación escrita dos conselleiros da Parte receptora, fose legalmente necesaria ou conveniente baixo as circunstancias dese momento.

g) As obrigas desta sección non supoñen ningunha restrición ás Partes de cara a poder cumprir cas obrigas legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.

- h) Cada Parte deberá obter o consentimento da outra Parte antes de calquera publicación, presentación, anuncio público, ou comunicado de prensa concernente á súa relación.
- i) Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración do presente convenio, ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

De acordo co artigo 6.2 da *Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*, o presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación da dicha normativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Axencia Galega de Innovación e Vicepresidente segundo da Xunta de Galicia e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

O Director xerente da Fundación DIDAC (Dardo Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas)

Francisco José Conde López.

David Barro López.

ANEXO I:

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DA FUNDACIÓN DIDAC.

A Fundación DIDAC deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula sexta, a seguinte documentación:

- **NIF da entidade.**

- **Certificado bancario de titularidade.**

- Factura (ou facturas), por cada período, acompañadas dunha memoria na que se recolla unha descrición sobre o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, os distintos conceptos de gasto, e os diferentes importes.

A facturación realizarse por trimestres vencidos (xaneiro a marzo, abril a xuño, xullo a setembro e outubro a decembro); sendo necesario que a presentación das correspondentes facturas, así como da restante documentación que debe acompañalas, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Tendo en conta o anterior, o importe do primeiro e último trimestre de execución do convenio, e da prórroga, de existir esta, axustarase á cantidade que corresponda como consecuencia de prorratear o custe do trimestre en función da data de sinatura do convenio e tendo en conta o tempo de execución efectivamente transcorrido.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberá ser presentada, como máximo, o 20 de decembro.

Nas anualidades 2022, 2023 e 2024 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.